

MEMORIA DE ACTIVIDADES REALIZADAS POR AFAGA **DURANTE O ANO 2000**

Introducción.

A Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia (AFAGA), nace, no ano 1994, do interese dun grupo de familiares a raíz da desorientación e falta de información que naquel momento había respecto desta doenza.

Dentro dos seus fins máis notables están a Orientación e información ós familiares tanto como á poboación en xeral, o achegar a realidade Alzheimer ás entidades públicas e privadas co obxectivo de acadar una resposta ampla e eficaz as demandas deste colectivo e estimular e colaborar nas investigacións que sobre esta doenza se prantexen.

Dado que o nivel de resposta dos organismos públicos adoita ser limitado e dilatado no tempo, a asociación decidiu suplir circunstancialmente algunhas actividades de recoñecido interese público, sabendo en todo caso que ese é o cometido das institucións gobernamentais.

1.- Programas.

Durante o ano dous mil puxéronse en marcha programas novos e se continuou con outros que foron recoñecidos de alto interese.

Programa de Axuda a Domicilio

Este programa trata de ofrecer un servizo especializado na atención e coidado de enfermos/as de Alzheimer e outras demencias, onde a atención fíxase na persoa enferma e no coidador ou coidadores habituais. Se ben as actividades son máis directas cos/as enfermos/as tamén existe unha orientación e reeducación das persoas convivintes.

O P.A.D. levase a cabo grazas a unha subvención que se recibe do Ministerio de Traballo y Asuntos Sociais a través da Federación Nacional de Asociacións de Familiares e é gratuíto para os usuarios. Desgraciadamente cada ano esta axuda se recorta e durante o ano 2000 tivo que suspenderse á altura do mes de Xuño.

Programa G.A.M. Alzheimer

Para a realización deste programa contamos coa subvención da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. O programa consiste nas reunións periódicas de familiares dirixidas por

unha psicóloga cun fin terapéutico de descarga emocional e resolución de conflitos derivados da convivencia cun doente destas características.

Durante anos anteriores xa tiña sido un programa moi ben valorado polos asistentes e de gran interese terapéutico.

Programa de Obradoiros Paralelos

Dado o interese suscitado cos G.A.M. e vendo a imposibilidade para participar de numerosas persoas debido a non ter con quen deixar o seu enfermo/a, xurdiu a idea de complementar a asistencia ós grupos coa atención e tratamento dos/as enfermos en fase non moi avanzada.

Este programa foi levado a cabo co apoio da Fundación “la Caixa” onde ademais os participantes colaboraron aportando unha cota mensual.

Programa de Fisioterapia a Domicilio

O Alzheimer é unha doenza que temina afectando á capacidade motora das persoas que a padecen, como consecuencia se produce o encamamento e podendo chegar a rixidez extrema das articulacións que provoca dores no momento da mobilización.

Ó mesmo tempo era preciso incidir nunha maior calidade de vida do entorno covivencial para o que se prevé unha parte formativa dirixida a economizar esforzos e realizar as mobilizacións sen riscos para a saúde de quen o realiza.

Este programa foi subvencionado polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través da Federación Nacional de Asociacións de Familiares.

Programa de Voluntariado

Con este programa trátase de xestionar o voluntariado como recurso social de participación da sociedade na solución dos problemas que nela se xeran.

Principalmente, é preciso que as persoas que desexen colaborar o fagan tendo uns coñecementos previos que lles axudarán a enfrontarse con situacións novas. Por iso cada ano se realizan varios cursos de capacitación para voluntarios/as e reciclaxe para os/as existentes.

Este programa foi subvencionado polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través de la Federación Nacional de Asociacións de Familiares.

Programa de Formación a Familiares

Ó longo dos anos este ten sido un dos programas constante no plano anual de actividades de A.F.A.G.A. dado que é de suma importancia que os familiares estean preparados para os cambios evolutivos que se poderían suceder durante o coidado da persoa enferma.

Trátase pois dun curso que pretende capacitar o familiar para anticiparse á doenza de Alzheimer.

Realizouse, como xa ben sendo habitual, gracias á subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Outras actividades

- Charlas: en Concellos como o de Moaña , Poio, e Pontecesures; en colexios e asociación varias.
- Día Mundial de Alzheimer: colocación de mesas informativas en distintos puntos da cidade de Vigo e celebración dunha mesa redonda que abordou “ Os Aspecto Bioéticos da enfermidade de Alzheimer”.
- Reunión e entrevistas con institucións públicas e privadas.
- Información e Asesoramento a familiares e profesionais.